



Reduce,
reutiliza,
recicla.

Xacobeo 21-22

sogama 
SOCIEDADE GALEGA
DO MEDIO AMBIENTE



Entrevistamos a...



Oriol Sarmiento
CLUERGAL

“Tomamos medidas o no habrá un 2050 como lo imaginamos”

Ler máis...



Fernando Leite
LIPOR

“La gestión de residuos tiene que ser circular”

Ler máis...

Editorial



Javier Domínguez
Presidente de Sogama

“En ruta e con nova folla de ruta”

Ler máis...

Mundo SOGAMA

O plan estratéxico 2024-2030 converterá a Sogama nunha empresa xeradora de recursos



A través da valorización de residuos e a súa conversión en recursos, a entidade pública aspira a ser un actor relevante na transformación

de Galicia cara a unha economía próspera, moderna, competitiva, descarbonizada e respectuosa co medio ambiente.

Ler máis...

Actualidade

Avanza a Rede de infraestruturas para a xestión da materia orgánica de Galicia



Presentado o balance da xestión de residuos 2022

Instalación de paneis fotovoltaicos no Complexo Medioambiental

Ler máis...

Multimedia

Inglés para secundaria co Caderno Verde

Dixitalizado o acceso das visitas para reducir tempo e recursos



Participación da directora xeral no evento de CIGAT Circular



Ver máis...

Eventos

Visita á nova aula sostible do colexio da Silva (Cerceda)

II Encontro do sector dos residuos da cornixa cantábrica

Máis eventos...

Curiosidades

Aumenta a compra de teléfonos reacondicionados

Selo de certificación alimentaria para restaurantes sostibles

Máis curiosidades...

Receitario



Que comes hoxe?

Tortilla de espinacas

Ver receita...

Síguenos en...



www.sogama.gal

Editorial



En ruta e con nova folia de ruta

Se hai un atributo que debe definir á empresa de hoxe en día para garantir a súa supervivencia é a capacidade de adaptación a unha contorna (ambiental, económica, normativa e social) en permanente movemento. E non só iso, tamén a súa capacidade para predicir os cambios que se aveciñan, vixiar en que medida van afectar á súa actividade e buscar fórmulas que lle permitan transformar os problemas en oportunidades. E isto, que resulta básico en calquera organización, adquire aínda máis relevancia nun servizo público esencial para a saúde e o benestar da poboación como é a xestión e o tratamento dos residuos. Economía circular, sostibilidade, eficiencia, prevención, recuperación, reciclaxe e valorización, son, entre outros, termos que dotan de contido a ese gran reto que emerxe de fondo e que non é outro que preservar a vida, actual e futura, nun planeta cada vez máis ameazado polas malas prácticas da humanidade. Existen fórmulas que permiten compatibilizar a actividade industrial coa protección ambiental e cada vez son máis, moitas máis, as compañías que se soben ao carro da sostibilidade, aplicando unha visión circular ao seu labor, á súa operativa e mesmo á súa cultura empresarial, poñendo en valor incluso o máis nimio. É o caso dos residuos. A súa correcta

xestión non só reporta vantaxes ambientais, senón que mesmo pode representar unha interesante vía de aforro. Converter o aparentemente inservible en algo útil, non é un acto de maxia, si de boa xestión; unha xestión que debe ser sometida a unha continua innovación acorde cos tempos, coas esixencias normativas e cun medio natural ao que se desposuíu dos seus recursos e que precisa ser restaurado. Transformar residuos en recursos constitúe o principal labor de Sogama; un labor que cada vez debe ser máis ambicioso para devolver á nosa terra, Galicia, toda a súa esencia. E niso estamos. Da man da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, viñemos traballando duro para que os concellos poidan dar debido cumprimento aos obxectivos europeos na valorización da materia orgánica recollida de forma diferenciada a través do contedor marrón. Ao longo deste ano 2023, e de forma progresiva, poñeremos en marcha a rede de infraestruturas, conformada por 17 instalacións (4 plantas de biorresiduos e 13 plantas de transferencia de apoio) para que os 295 municipios adscritos ao noso sistema poidan converter a súa materia orgánica en compost de alta calidade, que será utilizado como fertilizante natural na

agricultura e na xardinería. Pero, malia a dedicación e o esforzo investido en facer realidade esta rede, non perdemos de vista o noso plan estratéxico 2024-2030, do que xa definimos as súas principais liñas operativas e que estarán orientadas a analizar e estudar a xestión e o tratamento de novas fraccións de residuos municipais e ao desenvolvemento dun proxecto de economía circular orientado a maximizar a recuperación dos materiais contidos nos residuos e a diminuír, aínda máis, o vertido, e todo iso reforzado coa innovación tecnolóxica e a dixitalización nas operacións industriais, onde cobrará especial protagonismo a intelixencia artificial e a descarbonización dos procesos, en liña coas directrices do Pacto Verde Europeo. Sogama naceu hai 30 anos como empresa xestora de residuos. Hoxe, adentrada na súa fase de madurez, quere ser unha empresa xeradora de recursos.

[Editorial en castelán](#)

Presidente

Javier Domínguez Lino

Entrevistamos a...



Oriol Sarmiento

Gerente del Clúster Gallego de Energías Renovables (CLUERGAL)



“El hidrógeno verde es una alternativa real en la transición energética”

El Clúster de Energías Renovables de Galicia (CLUERGAL) es una agrupación sectorial de referencia en el ámbito energético autonómico que reúne a más de 80 entidades de toda la cadena de valor. Hablamos con Oriol Sarmiento Díez, gerente del clúster, sobre los principales retos y dificultades a los que se enfrentan los socios, desde grandes a pequeñas empresas, así como de las nuevas oportunidades entre las que se posiciona el hidrógeno verde o el desarrollo de nuevos parques eólicos, tanto en tierra como en mar.

En septiembre de 2020 fue nombrado gerente del Clúster Gallego de Energías Renovables (CLUERGAL) tras una dilatada experiencia en el sector. ¿Cómo afrontó este reto y qué balance haría tras casi dos años y medio en el cargo?

Suponía un reto muy ilusionante ya que llevo muchos años ligado al ámbito energético y se trataba de una buena oportunidad para fortalecer y hacer crecer un proyecto tan necesario como un clúster que agrupase a todo el sector. El balance es muy positivo, hemos consolidado el proyecto de manera que hoy CLUERGAL es un importante interlocutor en el sector energético gallego, además de ofrecer una interesante propuesta de valor a los miembros.

¿Con cuántos miembros cuenta CLUERGAL en estos momentos y a qué ámbitos pertenecen?

Contamos con 83 miembros entre empresas, centros tecnológicos y asociaciones profesionales. Es un clúster que agrupa a entidades de toda la cadena de valor, desde

grandes desarrolladores de proyectos hasta pequeñas empresas de servicios y de todos los ámbitos relacionados con las renovables y la sostenibilidad energética.

Si bien en los últimos tiempos las energías renovables han ido ganando terreno en esa dura batalla que debemos librar contra el cambio climático, ¿está acelerando la crisis energética la búsqueda de nuevas fuentes de energía alternativa o, quizás, reforzando las ya existentes?

La lucha contra el cambio climático es cada día más urgente y eso nos obliga a acelerar el cambio de modelo. Sin duda, esto contribuye a una mayor urgencia en la implantación de proyectos de renovables y de eficiencia energética.

¿Cuál es el potencial de Galicia en energías renovables y hacia dónde camina la comunidad?

Galicia es una potencia en energías renovables por su gran cantidad de recurso, eólico e hidráulico. Ahora estamos expectantes ante el desarrollo de nuevos parques

“CLUERGAL es un importante interlocutor en el sector energético gallego que ofrece una interesante propuesta de valor.”

eólicos, tanto en tierra como en mar, y desde CLUERGAL reivindicamos que ello implique la mayor generación de valor posible en Galicia, que toda esta transición energética genere empleo y riqueza a través de fabricación de componentes, servicios o ingeniería. Esa gran cantidad de recurso, agua y viento, la convierte también en un territorio muy interesante para el desarrollo del hidrógeno verde. Estamos expectantes ante la construcción de los primeros proyectos.

Entrevistamos a...

“La gran cantidad de recurso, agua y viento, existente en Galicia, convierte nuestra comunidad en un territorio muy interesante para el desarrollo del hidrógeno verde.”

Hidrógeno verde. ¿Una moda o una alternativa real?

El hidrógeno verde es necesario aunque solo sea para sustituir al gris, el que procede de combustibles fósiles. Es posible que ahora lo veamos como moda, dada la gran cantidad de proyectos que se plantean y todas las noticias que ocupa. Es cierto que no todos los proyectos acabarán siendo realidad, pero no hay duda de que es una alternativa real y necesaria como vector estratégico en la transición hacia un nuevo modelo energético.

¿Cree posible la descarbonización de Europa en el plazo estipulado por el Pacto Verde, 2050?



Oriol Sarmiento durante la jornada sobre el hidrógeno verde organizada por CLUERGAL el pasado 10 de febrero en Vigo.

No me atrevo a pronosticar cómo evolucionaremos durante los próximos 30 años, pero o tomamos

medidas urgentes contra el cambio climático o no habrá un 2050 como nos lo imaginamos hoy.



PERFIL PROFESIONAL

Oriol Sarmiento Díez es ingeniero industrial. Tras casi dos décadas desarrollando su labor en empresas del ámbito industrial y energético es, desde septiembre de 2020, gerente de CLUERGAL (Clúster de Energías Renovables de Galicia). Su implicación con el sector es anterior, creando en el año 1999 la revista de energía *Dínamo Técnica*.



Entrevistamos a...



Fernando Leite

CEO de LIPOR (Portugal)



“Trabajamos para cambiar el paradigma de la gestión moderna de residuos”

LIPOR es la entidad privada responsable de la gestión de residuos urbanos en la región conocida como "Grande Porto". Desde su fundación, en 1982, y a través de una infraestructura industrial en la que tiene gran peso la concienciación ciudadana, trata al año unas 500.000 toneladas de residuos con una visión muy clara: “son recursos”, no basura. Hablamos con su director general, Fernando Leite, sobre la trayectoria y estrategia de LIPOR, así como de los proyectos de innovación en los que colabora con Sogama.

La asociación de municipios para la gestión sostenible de los residuos del gran Oporto (LIPOR) tiene ya una larga vida posicionándose en los últimos años como una de las entidades de referencia en la gestión sostenible de los residuos en Europa.

¿Cuál es la clave del éxito?

LIPOR es una empresa propiedad de ocho municipios del área metropolitana de Oporto (Espinho, Gondomar, Maia, Matosinhos, Porto, Póvoa de Varzim, Valongo y Vila do Conde). Nuestra estrategia y modelo de negocio están orientados con una perspectiva muy clara y definida: los residuos son un recurso. Por lo tanto, lo fundamental es tener unidades industriales que promuevan la valorización multimaterial, orgánica y los residuos energéticos, minimizando el depósito en vertedero.

¿Qué tratamiento reciben los residuos municipales que llegan a sus instalaciones?

Existe un Sistema Integrado de Gestión de Residuos basado en centros industriales y complementado con estrategias para la prevención de la producción

de residuos, información y sensibilización ambiental.

También existe un departamento de formación y cualificación de técnicos municipales, que colabora estrechamente con los municipios y con LIPOR.

Después, a nivel interno, LIPOR dispone de un centro de selección y plataformas de valorización de residuos multimateriales, a través del cual tratamos unas 75.000 t/año; un centro de valorización orgánica, con capacidad para 60.000 t/año; y un centro de incineración, con capacidad de tratamiento de 400.000 t/año, entre otras infraestructuras.

Dentro de las actividades desarrolladas por LIPOR, cobran un gran peso todas aquellas que se vinculan a la formación y a la concienciación ciudadana en materia de residuos. ¿Cuáles son las que tienen más trascendencia para la población y qué valoración hacen de las mismas?

Para LIPOR, cambiar la mentalidad de los ciudadanos y su actitud hacia los residuos es fundamental para la consecución de los objetivos

“Es fundamental tener unidades industriales que promuevan la valorización multimaterial, orgánica y los residuos energéticos, minimizando el depósito en vertedero.”

y metas fijados en nuestros planes estratégicos. Por eso, contamos con un Departamento de Educación y Sensibilización Ambiental integrado por 32 técnicos con diferentes formaciones y currículos que trabajan con varios tipos de públicos por edades para promover las buenas prácticas en la prevención y valorización en origen de los residuos.

🔄 **Volver á portada**

5

Entrevistamos a...

“La gestión de residuos en la Eurorregión, como en todo el mundo, tiene que evolucionar hacia un modelo de economía circular.”

La innovación es una constante en los planes estratégicos de LIPOR. Prueba de ello es el importante número de proyectos europeos en los que viene participando. ¿Qué balance hace de los mismos?

Para nosotros es muy importante fortalecer el concepto y las prácticas inherentes al modelo de economía circular en nuestro modelo de negocio y en su aplicación práctica. Nuestro objetivo es que, a corto plazo, LIPOR se convierta en un productor de bienes y un proveedor de servicios especializados y, para ello, la innovación es fundamental, al igual que nuestra participación en proyectos de cooperación e investigación con centros de innovación, con empresas del sector y en unos 20 consorcios en los que participamos. Los resultados están siendo muy prometedores. Si hay un aspecto a destacar de nuestra implicación en proyectos europeos, es el refuerzo de las habilidades y los conocimientos adquiridos por nuestros técnicos y especialistas.



Fernando Leite con parte de su equipo en el evento One Sustainable Ocean, que coincidió con el 40 aniversario de LIPOR.

Recientemente, se han presentado dos candidaturas al POCTEP 2021-2027 a las que Sogama y LIPOR concurren de la mano: una sobre gestión inteligente de residuos y otra sobre captura y valorización de CO₂. ¿Qué objetivos se persiguen con estos proyectos?

Los proyectos en los que LIPOR se ha asociado con Sogama son fundamentales en dos áreas de nuestra actividad: por una parte, la clasificación y reciclaje de multimateriales, y, por otra, la descarbonización de nuestra actividad y, en consecuencia, de la región de Portugal, que es nuestra área de influencia.

La introducción de la inteligencia artificial, la robótica y el desarrollo de productos ecológicos son el

“core” de estos proyectos en los que estamos involucrados.

A su juicio, ¿cuál debe ser el futuro de la gestión de los residuos en la Eurorregión?

La gestión de residuos en la Eurorregión, como en todo el mundo, tiene que evolucionar hacia un modelo de economía circular. Hay que maximizar lo más posible la valorización de todo tipo de residuos limitando el uso de vertederos, fomentar todavía más la reutilización o luchar contra el desperdicio alimentario. Esto solo por citar algunas pautas que consideramos fundamentales para cambiar el paradigma de la gestión moderna de residuos.



PERFIL PROFESIONAL

Fernando Leite es licenciado en Ciencias Económicas por la Universidade do Porto y Diplomado en Alta Dirección por la AESE Business School (Portugal). Ocupa el cargo de consejero delegado de LIPOR desde 1999. Es, además, miembro del Consejo de Administración de Maiambiente, la empresa municipal de medio ambiente del projectoso de Maia; de la Agencia de Energía de Oporto, del Consejo de Administración de Avaler; de la asociación de Entidades de Valorización Energética de Residuos Sólidos Urbanos; del consejo de GRACE, Miembro del Consejo de ACR+ (Asociación Europea para el Reciclaje), y representante de AVALER en CEWEP, la Confederation of European Waste-to-Energy Plants.

🔍 Volver á portada

6



Mundo SOGAMA

Sogama traballa nun novo plan estratéxico 2024-2030 para converterse nunha empresa xeradora de recursos

Para a súa elaboración, apoiárase na visión de expertos e técnicos do sector ambiental, enerxético e económico, e no diálogo cos seus grupos de interese



O presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez, e a directora xeral, Mirta Sueiro.

Transcorridas tres décadas desde a súa creación, e logo de pechar unha serie de etapas que lle permitiron consolidarse como unha das empresas das súas características máis modernas de Europa e do mundo, Sogama traballa nun novo plan estratéxico para o período 2024-2030 co que pretende evolucionar cara a unha empresa xeradora de recursos. A través da valorización de residuos e a súa conversión en recursos, a entidade pública aspira a ser un actor relevante na transformación de Galicia cara a unha economía próspera, moderna, competitiva, descarbonizada e respectuosa co medio ambiente, que preserve ao mesmo tempo a saúde dos cidadáns e que mellore o seu benestar e calidade de vida. O

marco de referencia para actuar son os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, o Acordo de París, o Pacto Verde Europeo e, por suposto, a normativa europea, estatal e autonómica que rexe a súa actividade.

Profunda revisión

Trátase dun novo plan que emerxerá dunha profunda e exhaustiva análise da realidade de Sogama nas súas diferentes facetas e das proxeccións de futuro conforme ás liñas operativas que marcarán o futuro de Europa. Para a súa elaboración, Sogama quere contar coa visión de expertos e técnicos do sector ambiental, enerxético e económico, sen perder de vista as achegas dos seus grupos de interese, especialmente con

aqueles cos que interactúa de forma permanente, como é o caso de provedores, contratistas, traballadores, concellos, ademais doutros colectivos sociais aos que presta un servizo público considerado básico e esencial. Con obxecto de adiantarse á nova realidade, Sogama tamén revisará a súa visión e misión, así como os seus obxectivos de actuación. O plan estará marcado por liñas mestras tales como ser referentes en valorización de residuos e economía circular, o cumprimento dos obxectivos europeos, a adopción do enfoque de simbiose industrial, a descarbonización de procesos, a eficiencia enerxética, a minimización de impactos ambientais, a dixitalización, os criterios ASG, e o desenvolvemento de talento.



Actualidade



Mapa de situación das plantas integradas na Rede.

A Rede de infraestruturas para a xestión da materia orgánica de Galicia avanza para consolidarse

Dará apoio aos concellos para implantar o contedor marrón

A posta en marcha, en 2023, da Rede de infraestruturas para a xestión da materia orgánica, impulsada pola Xunta de Galicia e executada por Sogama, suporá un investimento de 40M€, cofinanciado con Fondos Feder REACT EU como resposta da Unión Europea á crise da COVID-19. O fin deste tecido industrial é axudar aos concellos, que son os que teñen as competencias en materia de xestión de residuos, a cumprir a lexislación vixente na implantación da recollida diferenciada da materia orgánica a través do contedor marrón. Deste xeito, tamén se cumpre co obxectivo de que a maior parte dos 295 concellos adheridos a Sogama contén cunha planta de biorresiduos ou de transferencia

a menos de 50 quilómetros de distancia. Isto suporá, non só un aforro de custos para as institucións, senón tamén unha redución das emisións de CO₂ ao diminuír o transporte por estrada.

Nas catro provincias

A rede estará composta por 4 instalacións para o tratamento de biorresiduos, unha por provincia, e 13 plantas de transferencia, 6 de nova construción e 7 suxeitas a remodelación.

No que atinxe ás plantas de biorresiduos, xa está operativa a localizada en Cerceda (A Coruña) e a previsión é que a de Cervo (Lugo) e a de Verín (Ourense) entren en funcionamento neste primeiro

semestre do ano, e a de Vilanova de Arousa (Pontevedra), a finais.

No caso das plantas de transferencia de apoio, son de nova construción as da Lama, Arbo, Cee, Curtis, Ponteceso e Riotorto. As 7 plantas reformadas son as de San Cibrao das Viñas, A Rúa, Silleda, O Porriño, Vigo, Lugo e Narón. Tras o proceso de adaptación, todas elas contarán cunha moega diferenciada para o transvase da materia orgánica desde os camiões de recollida municipal a contedores de maior capacidade, que serán transportados ata a planta de biorresiduos máis próxima.

🔄 Volver á portada

8

Actualidade

Unhas 10.800 toneladas menos lixo en 2022

O ano pasado reduciuse un 1,35% a cantidade de residuos recibida no Complexo Medioambiental de Sogama

A cantidade de residuos domésticos producidos polos 295 concellos adheridos ao modelo Sogama descendeu o ano pasado nunhas 10.800 toneladas, un 1,35%, ao baixar das 794.472,93 toneladas de 2021 ás 783.725,38 de 2022.

Este é o segundo ano consecutivo no que se constata unha redución do lixo recibido na planta de Cerceda. Esta situación detectouse nas catro provincias, sendo Ourense a que experimentou unha maior caída, cun 2,72% menos de lixo xerado.

En 2022 tamén descendeu nun 1,13% a entrada de refugallo de envases de plástico, latas e briks depositados nos contedores amarelos para a súa posterior reciclaxe.



Contexto sociolóxico

Cómpre ter en conta que a inestabilidade dos mercados e a alta inflación á que debe facer fronte a cidadanía constitúen

factores que incidiron nun menor consumo. A maiores, tampouco hai que esquecer a maior conciencia ambiental dos galegos na prevención de residuos.

Firma dun convenio co Concello de Cervo para executar proxectos de marcado carácter ambiental

A contía, próxima aos 150.000€, destinarase ás obras da Rede de Distribución de Abastecemento en Trasbar Fase 1

Sogama financiará en Cervo (Lugo) proxectos públicos de marcado carácter ambiental por un importe próximo aos 150.000€. Así se recolle no convenio de colaboración rubricado o pasado 13 de febreiro entre o presidente de Sogama, Javier Domínguez, e o alcalde da localidade, Alfonso Villares, e que estará en vigor durante un ano. En concreto, a contía de 148.233,39€ destinarase á execución das obras correspondentes ao proxecto de Rede de Distribución de Abastecemento en Trasbar Fase 1. Con esta achega económica, Sogama quere cooperar nas tarefas de protección ambiental impulsadas polo goberno municipal, á vez que pretende amosarlle a súa gratitude por ter posibilitado a obra da planta de compostaxe, situada no polígono industrial de Cuiña.



A firma tivo lugar a mediados de febreiro no Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda.

Javier Domínguez tamén se comprometeu co rexedor a apoiar a estratexia ambiental do Concello

de Cervo, dado o seu especial compromiso coa contorna, así coma coa saúde e o benestar da veciñanza.

[Volver á portada](#)

9

Actualidade

Reduce residuos, aforra recursos

Aplicar sinxelos xestos e o principio dos tres erres (reducir, reutilizar e reciclar) nos hábitos de vida diarios son prácticas para coidar o medio ambiente que tamén axudan, en gran medida, a aforrar diñeiro.

Recordamos **10 consellos básicos** para calquera cidadán

- 1. Consume de forma responsable.** Elabora unha listaxe do que verdadeiramente necesitas e cingúete a ela. Evita sucumbir a caprichos superfluos que só che reportan satisfaccións inmediatas. O interese neles, probablemente, vaia decaendo co tempo, sendo o seu destino o cubo do lixo.
- 2. Bota man dos produtos a granel.** E, de non ser posible, co menor envase e embalaxe. O envase non forma parte do produto que consumes, aínda que si engrosa o seu custo, coa particularidade de que acabará converténdose nun residuo.
- 3. Non esquezas as bolsas da compra reutilizables.** Lévaas sempre no coche, nun peto, no bolso, etc. E tampouco esquezas a túa propia botella de vidro ou cantimplora para a auga que consumes cada día. Procura tamén que os manteis e panos sexan sempre de tea. Evita o uso de materiais de usar e tirar.
- 4. Realmente necesitas cambiar de teléfono móbil?** Pénsao e, de ser así, repárao ou adquire un reacondicionado.
- 5. Compra artigos de segunda man.** Poden ser unha boa solución, pero con menor custo.
- 6. Non acumules sen máis.** Vende ou doa o que xa non precisas. Outras persoas poderán sacarlle rendemento.
- 7. Di non ao desperdicio alimentario.** Compra con cabeza, adapta a cantidade de alimentos ao número de comensais, deixa que se sirvan eles mesmos e aproveita as sobras para novos menús.
- 8. Autocompostaxe.** Se habitas nunha vivenda unifamiliar que dispoña de terreo (horta ou xardín), aproveita os restos de alimentos non comestibles, así como restos vexetais, para elaborar compost.
- 9. Local e de tempada.** Opta polos produtos de tempada producidos na túa contorna máis próxima. Así evitarás a contaminación asociada ao transporte en longas distancias e fomentarás a economía e emprego local.
- 10. Adopta o principio dos 3R.** Que os tres erres (reducir, reutilizar e reciclar) formen parte do teu estilo de vida. Non só coidarás o medio ambiente e a saúde, senón que aforrarás diñeiro.



Recorda! Onde vai que?

- Contedor amarelo: envases de plástico, latas e briks
- Contedor azul: papel e cartón
- Iglú verde: envases de vidro (frascos, tarros e botellas)
- Contedor marrón (en proceso de implantación): materia orgánica
- Contedor xenérico: fracción resto



Actualidade

Sogama apoia dous proxectos POCTEP para aplicar a intelixencia artificial na xestión de residuos e capturar CO₂

O fin último é optimizar o proceso industrial a través da innovación tecnolóxica e e da economía circular

Sogama, xunto con socios da Eurorrexión, presentou dúas candidaturas aos Fondos POCTEP 2021-2027 orientadas á innovación tecnolóxica e a economía circular. Cun orzamento próximo aos 2M€, os dous proxectos serán cofinanciados polos Fondos FEDER nun 75%. O primeiro deles, GRESINT, desenvolverá un piloto de plataforma de intelixencia artificial (AI). O obxectivo é mellorar a recuperación e a reciclaxe de envases lixeiros (os do contedor amarelo), contribuíndo a alcanzar os obxectivos europeos dun 65% para 2025 e dun 70% para 2030. O orzamento asignado é de 920.155€, e a duración da investigación, 3 anos (entre xullo de 2023 e xuño de 2026). Ademais de Sogama, forma parte do consorcio de GRESINT, o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) da Universidade da Coruña; e, por parte de Portugal, LIPOR e a Universidade de Beira Interior (UBI).

Captura e comercialización de CO₂

O segundo proxecto, DESCARBON, está orientado á captura e comercialización de CO₂, dadas as múltiples posibilidades que ten de ser valorizado, por exemplo, en forma de combustible, resultando clave para conseguir unha simbiose industrial que derive nun modelo circular. Cun orzamento de 997.884€ e 2 anos de duración (outubro de 2023 - setembro de 2025), está conformado por un consorcio do



Planta de clasificación de envases de Sogama.

que forman parte, no caso galego, o Instituto Tecnolóxico de Galicia, Energylab e Viratec (Agrupación industrial Galega de Solucións Ambientais e Economía Circular), ademais de Sogama. No caso de Portugal, participarán Lipor, INEGI, Net4C02 e 2GoOut Consulting.

Tendo en conta que as plantas de valorización enerxética, como a de Sogama, serán incluídas no Comercio de Dereitos de Emisión (ETS) a partir de 2028-2030, poderán comprar ou vender dereitos en función dos asignados a cada instalación.



Actualidade

Máis de 20.000 composteiros repartidos por toda Galicia

A compostaxe doméstica supón unha xestión máis sostible dos residuos municipais, xa que a materia orgánica convértese en abono nas hortas ou xardín usuarios

Aínda que non o pareza, un composteiro coma o da foto, formado por só 5 pezas de plástico reciclado e reciclable e duns 400 litros de capacidade, é un sinxelo instrumento moi accesible para colaborar no coidado do medio ambiente. Representa unha xestión máis sostible dos residuos municipais, tendo en conta o principio de proximidade, xa que a fracción orgánica convértese en abono nas propias dependencias dos usuarios. Sábeo ben Sogama a través dos bos resultados obtidos co seu programa de compostaxe doméstica. Ata o momento, leva repartidos, de forma gratuíta, máis de 20.000 destes recipientes co obxectivo de promover a autoxestión da materia orgánica en orixe e os seus conseguintes beneficios ambientais,



Composteiro doméstico de Sogama

económicos e sociais.

A día de hoxe son unhas 440 as entidades adscritas por toda Galicia a esta iniciativa (224 concellos, 186 centros educativos e 30 colectivos sociais). A empresa pública confía en que o interese vaia crescendo, xa que se trata dun programa que contribúe a previr e a reducir a produción de residuos, así como a minorar as emisións de CO₂ á atmosfera. O compost resultante é utilizado polos usuarios como fertilizante natural, pechando así

o ciclo de aproveitamento desta fracción de lixo e acadando o "residuo 0" neste ámbito.

Máis aló da dotación de medios materiais, Sogama tamén se encarga de impartir sesións formativas presenciais, así como de proporcionarlle aos participantes material didáctico e divulgativo de apoio.

Educación ambiental 2.0 para pechar o círculo

Os preto de 900 profesionais inscritos nos 18 cursos programados por Sogama outorgáronlle unha valoración moi positiva polos coñecementos adquiridos



A principios de ano, Sogama impartiu un novo curso en liña sobre educación ambiental dirixido ao profesorado dependente da Xunta de Galicia, tanto de Infantil e de Primaria como de Secundaria. Con esta acción formativa, que levaba por título "Pechando o círculo: a educación ambiental do século XXI", a empresa pública quixo trasladar aos docentes a importancia da educación ambiental como elemento transversal no currículo

académico e como ferramenta prioritaria na transición cara á economía circular.

En total foron 30 horas lectivas impartidas entre mediados de xaneiro e principios de marzo a través de PLATEGA (Plataforma de Teleformación Galega). Ata o momento, Sogama programou 18 cursos en liña nos que se inscribiron preto de 900 persoas pertencentes a distintos colectivos tales como concellos, profesorado e

Todos os cursos son en liña para facilitar a participación dos profesionais.

forzas de seguridade, entre outros. Todos eles poideron reforzar os seus coñecementos ambientais, fundamentalmente no ámbito dos residuos, valorando esta actividade formativa cunha alta puntuación.

[⌂ Volver á portada](#)

12



Actualidade

Aposta pola enerxía fotovoltaica no Complexo Medioambiental de Cerceda

Con esta obra reforza a incorporación das renovables aos seus procesos



Interior do almacén de CDR (Combustible Derivado dos Residuos non reciclables).

A empresa pública remodelará integramente o tellado da nave de CDR (Combustible Derivado dos Residuos non reciclables), localizada no Complexo Medioambiental de Cerceda, para instalar paneis fotovoltaicos. Con este obxectivo, licitou, por un importe de 3.769.920€, IVE incluído, o contrato para a subministración, montaxe e a posta en marcha dos módulos de alta eficiencia, contemplando todas as accións que sexa necesario acometer para configuralos na modalidade de autoconsumo. Isto é porque o

complexo cercedense dispón de suficientes transformadores como para absorber o total da enerxía xerada.

A nave obxecto da actuación ten unha estrutura de planta rectangular, cuberta a dúas augas e cunhas dimensións aproximadas de 212 x 42 metros, destinada a almacenar o combustible derivado dos residuos non reciclables e preparada para alimentar as caldeiras da planta termoeléctrica, na que se xera enerxía suficiente para abastecer ao 12% dos fogares galegos.

Enerxía limpa

Tomando como referencia o Pacto Verde Europeo, que ten por obxectivo situar á UE no camiño da transición ecolóxica para alcanzar a neutralidade climática de aquí a 2050, Sogama traballa desde hai tempo, máis aló da súa actividade ambiental na xestión sostible dos residuos municipais, por incorporar as enerxías renovables aos seus procesos, apostando de cheo pola fotovoltaica.



Actualidade

“Recíclate con Sogama” 2022-2023 chama á comunidade educativa a participar na xestión sostible dos residuos urbanos

Os educadores impartiron sesións formativas presenciais a un milleiro de estudantes dos vinte centros de primaria inscritos nesta edición



Sesión no colexio Mosteiro, de Bembrive (Vigo).

Dentro do programa “Recíclate con Sogama” 2022-2023, incluído no Plan Proxecta da Xunta de Galicia, educadores especializados en medio ambiente impartiron en xaneiro, nos 20 centros educativos de primaria participantes, sesións formativas presenciais durante as que lle explicaron a un milleiro de escolares como xestionar correctamente os residuos que producen, sendo a clave a aplicación diaria do principio europeo dos tres erres: reducir, reutilizar e reciclar.

As charlas estiveron amenizadas por xogos, que serviron para que os pequenos puidesen aprender de forma divertida e poñer a proba os coñecementos adquiridos.

Contedor marrón

O alumnado tamén coñeceu o uso que se lle dá ao contedor marrón e mostrouse expectante ante a chegada do mesmo aos seus municipios, considerando que se trata dunha magnífica iniciativa que permitirá contribuír á reciclaxe da materia orgánica.

Os mellores embaixadores

Tras a dotación, por parte de Sogama, dos medios materiais e didácticos aos 20 centros participantes, estes atópanse desenvolvendo os seus respectivos proxectos de reciclaxe.

Un dos obxectivos educativos é implicar ao conxunto da comunidade, de tal forma que a sostibilidade non só estea presente nas aulas, senón que as traspase, adentrándose nos fogares e tamén na súa contorna social.



[Ver aquí a relación de centros participantes](#)

[Volver á portada](#)



Actualidade

Reactivadas as visitas presenciais a Sogama da man das novas tecnoloxías

Unha das próximas novidades será un percorrido de realidade virtual, que verá a luz en breve

A principios do mes de marzo, Sogama reactivou o programa de visitas ás súas instalacións da man das novas tecnoloxías e recibindo a un grupo de estudantes da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña. Nesta nova etapa, e co fin de que os grupos escolares de primaria e secundaria poidan sacar un maior rendemento didáctico deste programa, a empresa deseñou para eles distintas dinámicas pedagóxicas coas que garantir a adquisición de coñecementos a través do xogo.

Imaxes únicas

En paralelo, e debido a que os menores, no marco da política de prevención de riscos corporativa, non poden realizar o percorrido a pé polo Complexo Medioambiental,

senón en autobús, a entidade está a traballar nunha visita de realidade virtual, que verá a luz en breve. Este é un paso máis para que, a través das novas tecnoloxías e dunhas imaxes espectaculares captadas a vista de dron, os participantes poidan descubrir unha infinidade de espazos industriais que, no percorrido en autobús ou incluso a pé, resultan imperceptibles. Deste xeito, terán a oportunidade de comprobar os procesos con vistas únicas e claramente diferenciadas a todo o que a entidade puido mostrar ata o de agora.

Xa son máis de 78.000 as persoas que, ata 2020, pasaron pola infraestrutura industrial da entidade. De feito, o programa de visitas validouse amplamente como unha excelente ferramenta de formación



O alumnado da Facultade de Ciencias da UDC inaugurou a nova etapa de visitas ao Complexo Medioambiental.

e concienciación dos cidadáns en materia de xestión de residuos.

Galicia implanta un proxecto pioneiro para optimizar a recollida e a selección de residuos

A plataforma de reciclaxe intelixente Smart Waste aplicarase nos contedores amarelos e azuis

Galicia é, desde mediados de febreiro pasado, unha das primeiras comunidades autónomas en implantar un proxecto pioneiro que aplica a tecnoloxía máis innovadora para mellorar e optimizar a recollida e selección de residuos dos contedores amarelos -envases de plástico, latas e briks- e azuis -papel e cartón-. Segundo explicou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, durante o acto de presentación da plataforma de reciclaxe intelixente Smart Waste desenvolta en colaboración con Ecoembes, esta permitirá recoller datos en tempo real sobre o volume e tipoloxía de residuos grazas á incorporación de sensores nos camións, de sistemas GPS e da tecnoloxía máis punteira nas plantas de selección. Estes datos permitirán optimizar procesos tales como a adecuación da frecuencia de recollida, as rutas que ten que realizar cada camiión ou os lugares nos que fan falta máis ou menos contedores. Ademais, poder dispoñer deses datos dun xeito máis áxil e nun formato único permitirá coñecer tanto as tendencias de consumo



A conselleira de Medio Ambiente acudiu á presentación da app.

como o depósito de residuos por barrios, parroquias, etc. Isto tamén axudará a decidir a adopción de medidas en función da información recollida.

🔍 [Volver á portada](#)

15



Multimedia

Inglés para secundaria co Caderno Verde

A estación máis fría do ano é o escenario elixido para ambientar estas fichas de inglés de www.cadernoverde.gal dirixidas a educación secundaria e a 3º ciclo de Primaria. O alumnado pode aprender o vocabulario propio do inverno ou da roupa que usamos para abrigarnos, as palabras da chuva e, por suposto, consellos sostibles. How good are these eco-tips?

Desde o curso pasado

O curso pasado, os contidos propios de educación secundaria comezaron a traballarse na plataforma www.cadernoverde.gal a través dunha unidade didáctica específica denominada “O secreto



de Caderno Verde”, que convida á reflexión e á toma de decisións desde o coñecemento e a responsabilidade ambiental. Como é sabido, a principal característica da plataforma www.cadernoverde.gal é o enfoque transversal das boas prácticas

ambientais nas distintas materias de estudo que conforman o currículo académico de educación infantil, primaria e secundaria. Na web poden atoparse divertidas actividades vinculadas ás Matemáticas, á Lingua Galega e Lingua Castelá, á educación artística e tamén á lingua estranxeira.

[Acceso directo para aprender](#)

Novo sistema de acceso dixitalizado para visitas

Co obxectivo de gañar en eficiencia, aforrar tempo de xestión, preservar a seguridade dos visitantes na súa infraestrutura industrial e axilizar o acceso á mesma dunha forma cómoda e simplificada, Sogama presentou a finais de 2022 un novo sistema electrónico de visitas no que apostou plenamente pola dixitalización para facilitar a entrada e saída de persoas e de mercadorías.

Con esta mellora, elimináronse os inconvenientes que retardaban o proceso, especialmente as tarefas repetitivas, o consumo de papel e os tempos de espera dos visitantes nos accesos, onde o persoal de seguridade debía comprobar que os permisos e acreditacións estaban en regra.



[Volver á portada](#)



Multimedia

Relatorio de Mirta Sueiro no CIGAT Circular

A directora xeral de Sogama, Mirta Sueiro, participou a principios de febreiro pasado nun evento do Centro Mixto de Investigación CIGAT Circular, que contou co apoio de Sogama. A temática da súa intervención foi a importancia da colaboración público-privada no tecido empresarial galego, que se pode ver clicando na seguinte ligazón. CIGAT Circular ten como obxectivo principal a descarbonización de



Galicia a través da conversión de residuos en recursos de alto valor engadido a través de cinco liñas de traballo. Este é un proxecto

de colaboración entre Viaqua, Cetaqua Galicia e a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

[Ver o vídeo](#)

Contedor azul para o papel e o cartón

Nunca está demais recordar para que serve o contedor azul! O ideal é evitar os envases e as embalaxes de papel e de cartón, pero cando isto non é posible... Hai que levar ao contedor azul xornais e revistas, cadernos (sen argolas, grampas nin arames), papel de embalar, caixas de cartón (galletas, cereais, zapatos,...) encartadas, cartóns dos ovos, libros, bolsas de papel,... Neste contedor non se poden introducir papeis de calco, cartóns de leite, zume e viño, así como papel ou cartón sucios de graxa.



[Ver o vídeo para recoller máis ideas](#)

[Volver á portada](#)

17



Multimedia

Aforrar enerxía na cociña


A cociña adoita ser o epicentro da casa e unha das estancias onde máis recursos consumimos. Hai pequenos hábitos que podemos adquirir para gastar menos electricidade ou auga, axudar ao noso peto e ao medio ambiente. O primeiro, non prequeantar o forno. Despois tamén se pode revisar o termostato da neveira para que estea á temperatura óptima tanto no verán coma no inverno, non enxuagar a louza ou apagar o fervedor do leite ou da auga cando o contido está quente,... Como o vedes?



[Ver o vídeo](#)

Día Mundial da Eficiencia Enerxética

A eficiencia enerxética busca mellorar a calidade de vida, pero sen prexudicar os recursos e consumindo só a enerxía que precisamos para o día a día. O 5 de marzo fixouse como data oficial para institucionalizar esta práctica tras a celebración da I Conferencia Internacional da Eficiencia Enerxética en Austria en 1998. Ademais dos bos hábitos que poidamos ter nas nosas casas, converter os residuos non reciclables en electricidade, como fai Sogama, tamén constitúe un caso de éxito a prol da sostibilidade e do respecto aos recursos dispoñibles.



[Ver o vídeo](#)

[Volver á portada](#)



Eventos



Visita á nova aula sostible do CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro

O presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez Lino, desprazouse ao CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro da Silva (Cerceda-A Coruña) para coñecer *in situ* o resultado da reforma dunha das aulas deste centro educativo, executada

baixo criterios de sostibilidade. O proxecto, enmarcado no programa #Mestradeobra, promovido á súa vez polos centros de formación e recursos do profesorado, foi desenvolvido conforme ao Sistema Lupo, un método que aúna arquitectura e pedagogía.

Con este proxecto, cofinanciado por Sogama no marco da súa política de RSE, recuperouse o espazo verde no patio do colexio e déuselle acceso desde a aula, permitindo o contacto directo dos escolares coa natureza nun contexto de aprendizaxe de valores.

Reunión na sede de LIPOR

A directora xeral de Sogama, Mirta Sueiro, e o director de LIPOR, Fernando Leite, xunto a membros dos seus respectivos equipos técnicos, mantiveron a mediados de xaneiro pasado en Oporto (Portugal), unha reunión para analizar o alcance das candidaturas conxuntas en materia de residuos ao programa POCTEP 2021-2027. Dado que a correcta xestión dos residuos ten un peso transcendental na loita contra o cambio climático, Sogama e Lipor, en calidade de entidades punteiras no sector ambiental aos dous lados da



fronteira, querén liderar a ambición climática a través dunha xestión dos refugallos máis sostible, máis

eficiente e cunha maior proxección social, capaz de xerar máis riqueza e máis emprego verde.

Eventos

II Encontro de empresas públicas de xestión de residuos da cornixa cantábrica

O presidente da entidade, acompañado por membros do seu equipo, acudiu en febreiro ao II Encontro de empresas públicas de xestión de residuos da cornixa cantábrica, en Xixón (Asturias). Durante a súa intervención, que abriu os relatorios, aludiu ao esforzo investido na construción e posta en marcha da rede de infraestruturas para a valorización da materia orgánica en Galicia, así como ao traballo orientado á innovación tecnolóxica e á dixitalización industrial, sen esquecer a descarbonización dos procesos. Destacou, finalmente, os bos resultados do período 2008-2022, durante o cal o vertido directo caeu dun 49,2% ata o 0,3%. Así mesmo, nos grupos de traballo, ademais de Domínguez,



responsables das áreas xurídica, técnica e económica de Sogama, compartiron coñecementos e experiencias cos seus homólogos doutras empresas.

Xunto con Sogama, participaron na xornada directivos de entidades tales como Mare (Cantabria), Garbiker (Bizkaia), GHK (Guipuzkoa) e Cogersa (Asturias).

Xornada de economía circular do MiTERD

No marco do I Encontro sobre Economía Circular en Galicia, promovido polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MiTERD), en colaboración co Club de Excelencia en Sostibilidade, a directora xeral de Sogama, Mirta Sueiro, puxo de relevo a folla de ruta emprendida por esta compañía pública para ser unha empresa plenamente circular e reverter no cidadán da comunidade galega todo o seu potencial ambiental, económico e social. Sueiro foi convidada á mesa redonda



moderada por Susana Pérez-Amor, vocal asesora do MiTERD, na que tamén participou a xerente de Viratec (Agrupación industrial Galega

de Solucións Ambientais e Economía Circular), Ana Botas. O evento tivo lugar na sede do Consorcio Zona Franca de Vigo.



Eventos

Peche do proxecto Ecoval-Sudoe

O pasado 10 de marzo, o presidente executivo de Sogama, Javier Domínguez Lino, acudiu ao evento de peche do proxecto "Ecoval-Sudoe: cara á unha xestión circular de biorresiduos urbanos e lodos de depuradora".

Ecoval-Sudoe é un proxecto cofinanciado polo Programa Interreg Sudoe, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que propón un novo enfoque para a xestión de residuos orgánicos mediante un modelo de biofactoría, replicable en toda a Unión Europea, para obter bio-productos de alto valor engadido a partir de lodos de depuradora e biorresiduos urbanos. O consorcio aglutina a oito entidades (catro de España, con Cetaqua á cabeza), dúas de Francia e dúas de Portugal.



Busca de sinerxías con Repsol a prol da economía circular

Repsol e Sogama estudarán posibles colaboracións e sinerxías para optimizar a achega de ambas as dúas compañías, a través do seu desempeño ambiental e enerxético, á sustentabilidade e á economía circular. Así quedou patente con motivo dunha reunión que representantes da multinacional enerxética mantiveron en Cerceda coa dirección executiva de Sogama.

A comitiva de Repsol tamén tivo a oportunidade de facer un percorrido guiado polas instalacións que conforman o Complexo Medioambiental cercedense.



Curiosidades

Aumenta a compra de teléfonos reacondicionados

Segundo un estudo realizado por Smaaart (marca especializada en móbiles reacondicionados), a partir dunha enquisa a 1.500 españois entre 18 e 65 anos, a día de hoxe o 44% dos consultados xa mercou un teléfono destas características e o 58% ten intención de facelo proximamente.

O 39% confía nos portais de internet, mentres que o 33% compra en tendas físicas especializadas e, só o 11%, aposta polas tendas de operadores telefónicos.

A inflación, a incerteza económica e a maior conciencia sobre a protección do medio ambiente constitúen as principais razóns para optar por estes teléfonos usados.



Fonte: www.channelpartner.es
Imaxe: Pixabay

Ecuador 2023 para reactivar o compromiso coa Axenda 2030

Este ano situámonos a medio camiño da data marcada para lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), adoptados polos Estados Membros da ONU en 2015, dentro da coñecida como Axenda 2030. O PNUD (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento) asegura que 2023 ofrece a oportunidade de xuntar esforzos, e varios son os eventos de alto nivel nos que adoptar acordos para seguir progresando polas persoas e polo planeta.

Neste sentido, a primeira avaliación global do Acordo de París, o Global Stocktake, será clave para tomar a temperatura do noso planeta. As súas conclusións axudarán a trazar as próximas metas, que se discutirán na COP28.

Ata finais deste 2023, o PNUD seguirá a incrementar o seu traballo



para prever as crises antes de que sucedan da man doutras axencias da ONU e de socios para lograr a visión do secretario xeral, seguindo os pasos do establecido na New Agenda for Peace.

Fonte e imaxe: PNUD



Curiosidades

Ao 80% dos españois preocúpalle “moito” ou “bastante” o cambio climático

Segundo datos do Global Attitudes Survey do Pew Research Center, analizados por Funcas con motivo do Día Mundial da Acción fronte ao Quecemento Terrestre (29 de xaneiro), as sociedades europeas meridionais (Grecia, Italia, Francia e España) destacan por percibir, de forma moi maioritaria, o quecemento global como unha ameaza para o propio país. Ao redor de catro de cada cinco entrevistados subscriben esta opinión, unha proporción maior que a observada en países con máis tradición ecoloxista, como é o caso de Alemaña (73%) ou Suecia (70%). O dato que o estudo lanza para España (78%) está aliñado con outros recentemente publicados polo Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), apuntando



que ao 80% dos entrevistados preocúpalles “moito” ou “bastante” o cambio climático. Pola súa banda, un 11% declara pouca preocupación e un 4%, ningunha. Incluso un 3% mesmo pon en dúbida a existencia do cambio climático. Se ben unha

ampla maioría opina que en España se deben facer cambios profundos, cando se lle pregunta polas preferencias de gasto público, a protección do medio ambiente queda por debaixo doutras partidas.

Fonte: Compromiso RSE
Imaxe: Pixabay

Selo para certificar a sostibilidade alimentaria dos restaurantes españois

Denominado “Food made good”, foi presentado en Madrid pola Asociación de Restaurantes Sostibles (SRA). Tal e como explicou a directora xeral da entidade, Juliane Caillouette, o proceso de auditoría pode durar de 12 meses a 5 anos pero, a partir do primeiro semestre, xa se comezan a evidenciar os resultados. Caillouette afirmou que o sector da restauración é a “zona cero” no problema dos residuos e, ao mesmo tempo, o comezo para loitar contra a crise climática. O selo “Food made good” (renovable anualmente) concede a posibilidade aos restaurantes de ser auditados pola propia asociación, así como profesionalizar os enfoques relacionados coa sostibilidade



ou realizar avaliacións sobre as implementacións e cambios, tendo

en conta factores ambientais, sociais e económicos.

Fonte: Gestores de Residuos
Imaxe: Pexels

🔍 [Volver á portada](#)

23



Curiosidades

Primeiro acordo marco “Deportes para a Natureza”

Un total de vinte entidades, incluído o Comité Olímpico Internacional (COI) como socio fundador e os Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024, asinaron o pasado mes de decembro o primeiro Marco “Deportes para a Natureza”. Este acordo aglutina a federacións, ligas, clubs e eventos deportivos co compromiso de protexer e evitar danos a especies e hábitats importantes, restaurar



ecosistemas, conseguir cadeas de subministración sostibles e educar e inspirar á comunidade deportiva para que tome medidas en favor da natureza.

Fonte: ONU Medio Ambiente
Imaxe: Pexels

Premio The European Awards para Ecopilas

Ecopilas recibiu en París o premio The European Awards á sustentabilidade ambiental no marco dun evento no que se deron cita os representantes de numerosas organizacións profesionais e empresariais de distintos países de Europa, así como empresarios dos máis diversos ámbitos, especialmente da área sociosanitaria e ambiental. Constituída no ano 2000 polos principais fabricantes e importadores de pilas, a Fundación Ecopilas é un Sistema Colectivo de Responsabilidade Ampliada do Produtor para a xestión dos residuos de pilas e baterías, que ten por obxecto a correcta xestión destes materiais.



Fonte e imaxe: Ecopilas

Curiosidades

Ciclo de vida sostible para as baterías

O Consello e o Parlamento Europeo alcanzaron un acordo político provisional, pendente de adopción formal en ambas as dúas institucións, sobre unha proposta para reforzar as normas de sostibilidade das pilas e pilas de refugallo. Por primeira vez, a lexislación regulará todo o ciclo de vida das baterías, desde a produción ata a reutilización e a reciclaxe, e garantirá que sexan seguras, sostibles e competitivas. As baterías son un elemento

esencial no cambio da UE cara á modelos de transporte de cero emisións. Dado que a demanda se multiplicará por máis de dez en 2030, é necesario que sexan sostibles ao longo das súas cadeas de subministración.

Fonte e imaxe: Consello Europeo



Récord histórico de recollida de vidro en España

Durante o pasado ano, segundo datos de Ecovidrio, a recollida selectiva de envases de vidro a través do iglú verde acadou un récord histórico, con 939.094 toneladas, un 6,2% máis que o exercicio anterior, superando as cifras previas á pandemia. En España recíclanse xa preto de 9 millóns de envases ao día e máis de 6.000 envases por minuto nalgún dos 245.761 iglús repartidos por toda a xeografía. Isto tradúcese en 19,8 kg por habitante e uns 68 envases por persoa. Se a esta cifra se suman as toneladas de envases de vidro recuperadas a través das plantas de residuos urbanos, España alcanzou por primeira vez o millón de toneladas recuperadas, logrando que se reintroducirán no



ciclo produtivo. Nun contexto de crise enerxética, a reciclaxe de vidro no noso país

permitiu aforrar 723.351 MWh de enerxía, o que equivale a un aforro de 147,92M€.

Fonte e imaxe: Ecovidrio

Curiosidades



Éxito da campaña “Camino da reciclaxe” na loita contra a basuraleza

A Xunta de Galicia e Ecoembes culminaron a campaña “Camino da reciclaxe 2022” con 141 toneladas de envases recollidos nos albergues de peregrinos da Ruta Xacobeá, o que supón un 20% máis que na edición do pasado ano.

Entre os meses de xuño e outubro depositáronse máis de 100 toneladas de residuos nos contedores azuis e

máis de 40 nos amarelos, localizados en 214 ecoalbergues –repartidos ao longo de 6 itinerarios diferentes: francés, inglés, portugués, norte, primitivo e, por primeira vez, portugués da costa- e en 15 oficinas de turismo.

Bosque autóctono

O pasado febreiro, no marco da mesma campaña e por terceiro


ano consecutivo, levouse a cabo a plantación de 625 árbores autóctonas nunha hectárea de bosque en Caldas de Reis (Pontevedra). Sumando estes novos exemplares de carballos, bidueiros e cerdeiras, xa son máis de 2.000 as árbores coas que se repoboaron montes de distintos puntos de Galicia grazas a esta iniciativa.

Fonte e imaxe: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Diminúe o burato da capa de ozono

A capa de ozono estase a recuperar, o que axudará a evitar ata un 0,5°C de quecemento global. No informe de avaliación cuadrienal do Grupo de Avaliación Científica do Protocolo de Montreal relativo ás substancias que esgotan a capa de ozono, e apoiado polas Nacións Unidas, confirmase que a eliminación progresiva de preto do 99% das substancias prohibidas lograron protexela. Isto contribuíu a que se recupere de forma notable na estratosfera superior e a que diminúa a exposición das persoas á radiación ultravioleta (UV) nociva do sol.

Se se manteñen as políticas actuais, agárdase que a capa de ozono recupere os valores de 1980 (antes da conformación do burato). Será, aproximadamente en 2066 na Antártida, en 2045 no Ártico e en 2040 no resto do mundo.



Fonte: ONU Medio Ambiente
Imaxe: Pixabay



Curiosidades

AEMA urxe ao control dos plásticos que non son embalaxe

A Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA) reclama unha metodoloxía estandarizada para rastrexar os fluxos de plásticos que non entran na categoría de embalaxe. É unha das conclusións do seu último informe "Xestión de plásticos que non son de embalaxe nos fluxos de residuos europeos". Segundo recentes estimacións, estes materiais, que poden representar ata o 74% do consumo total de plástico da UE, non foron priorizados para a acción a través de directivas e políticas específicas, e tampouco están supeditados a obxectivos directos de reciclaxe ou reutilización.



Fonte: Retema
Imaxe: Pexels

Acordo histórico para protección dos océanos

O pasado 3 de marzo, a sede da ONU en Nova York foi testemuña do acordo co que se culminaron as negociacións sobre o coñecido como "Tratado de alta mar", cuxo obxectivo é situar ao 30% dos océanos do mundo en áreas protexidas, podendo así destinar máis diñeiro á conservación mariña e cubrir o acceso e o uso dos recursos xenéticos mariños. O acordo acadado polos delegados da Conferencia Intergubernamental sobre Biodiversidade Mariña de Áreas Fóra da Xurisdición Nacional é a culminación dunha serie de conversas facilitadas pola ONU desde 2004.



Fonte: ONU
Imaxe: Pexels



Curiosidades

Nace un marketplace para doar excedentes de aparellos eléctricos e electrónicos

Os Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor de aparellos eléctricos e electrónicos (AMBILAMP, ECOASIMELEC, ECOFIMÁTICA, ECOLEC, ECOLUM, ECO-RAEE'S, ECOTIC e European Recycling Platform), puxeron en marcha a plataforma Circular Place. É un paso máis no seu labor de prevención na xeración de residuos.

Así, a través do marketplace www.circularplace.org, os produtores e distribuidores con acordos con estes SCRAP, xa poden poñerse en contacto con organizacións sen ánimo de lucro ou entidades educativas para xestionar doazóns de aparellos eléctricos e electrónicos que non fosen vendidos ou ben que procedan de devolucións de clientes que, en todo caso, se atopan en perfecto estado de uso.



Fonte e imaxe: Apiem

Novas materias primas secundarias producidas a partir de pousos de café

O proxecto WaysTUP! promove solucións circulares para evitar o desperdicio de pousos de café.

Aimplas, socio desta iniciativa, creou a partir dos mesmos unha película plástica. Outras empresas producen aceite de café e extraen aromas, polifenóis, aceites e carotenoides, ademais de ácidos dicarboxílicos de cadea longa (LCDCA) necesarios para sintetizar poliésteres.

Este proxecto de I+D+i tamén está a dar a coñecer procesos para transformar biorresiduos urbanos en bioproductos de gran valor a partir de diferentes materias primas tales como subprodutos cárnicos, refugallo de peixe, biorresiduos domésticos, refugallo de celulosa e lodos de depuradora.

O elevado consumo de café en todo o mundo trae consigo a xeración anual de millóns de toneladas de pousos que acaban desperdiciados e aos que é preciso darles unha nova vida.



Receitario

Versátiles sobras de verduras

Non hai sobra de comida máis versátil cás verduras cocidas! As posibilidades son infinitas, limitadas únicamente pola imaxinación do chef e os gustos do padal. Aos grelos dun cocido quédanlle ben uns lagostinos ou un pouco de entreteto frito. A unhas xudías, uns ovos escalfados cun pouco de pemento doce e de aceite de oliva por riba para despois mollar o pan,.... Quen dixo que comer sobras é aburrido?

A proposta culinaria deste número que, coma sempre, extraemos do libro de receitas "recicladas" editado polo Penal de Monterroso, "[Sabroso reciclaje](#)", é esta apetecible tortilla de espinacas, que tanto pode cerrar o día cunha cea lixeira, como abrílo para empezar a xornada con enerxía.

No receitario tedes moitas máis preparacións para aproveitar os restos de comida que quedan en tápers ou en potas na neveira! Sacade fotos e compartídeas con nós en [Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#) e etiquetádenos!

Tortilla de espinacas



Ingredientes reciclados

- Espinacas cocidas



Outros ingredientes

- 2 ovos
- Queixo para fundir (opcional)
- Aceite de oliva
- Sal
- Especias ao gusto



Elaboración:

Bater ben os dous ovos e mentres, quentar un pouco as espinacas no microondas ou nunha tixola. Rectificar de sal ou, se é de gusto, incorporar algunha especia para darlle sabor. Poñer outra tixola a lume forte cun pouquiño de aceite. Cando estea ben quente, botar o ovo. Deixar que a capa de abaixo colla consistencia, pero sen cocela demasiado, e incorporar as espinacas e o queixo para fundir. Enrolar a tortilla con coidado para que non se desfaga. Servir ben quente!

